





EDITORIAL GALAXIA NOVIDADES outubro 2003

A FABULACIÓN SEDUCTORA DUN NARRADOR

Entre os grandes contadores de historias da actual literatura española encóntrase o berciano Antonio Pereira. Contista excepcional e cunha obra non suficientemente difundida entre nós que Editorial Galaxia quere achegar agora ao lector galego, en Contos da Cábila reúne trinta e unha historias arredor do país do Bierzo. Fabulacións que evocan unha educación sentimental e son a crónica cotiá, seductora e tema, dunha Galicia estremera que sentimos próxima e recoñecemos como parte da nosa cultura.

Un dos títulos fundamentais da obra de Antonio Pereira, en Contos da Cábila latexan as vivencias infantís e adolescentes do autor. Estamos perante unha evocación que recrea ese tempo fronteirizo que é o paso da infancia á adolescencia. Unha educación sentimental nas terras da Galicia estremera, onde a vida se mella ir ao ritmo das pedaladas de bicicleta, das feiras e do asubío das locomotoras. Desde a Cábila, barrio de Vilafranca do Bierzo, o lector séntese levado por un universo persoal, afastado no tempo pero próximo na memoria, que nestes contos aparece avivecido e arrequeitado pola visión e o estilo do autor.

Antonio Pereira xoga coas súas lembranzas para tecer o tapiz dun pasado co que todos nos irnos sentir doadamente identificados. Os primeiros amores, a vida de estudante, as tentativas literarias do adolescente, a iniciación no sexo, o illamento e a lectura, van constituíndo esa ollada tenra e divertida na que non deixa de estar

presente unha Galicia que para o narrador representa ese mundo idealizado, case exótico ou mítico, tan característico da visión dos rapaces.

Antonio Pereira (Vilafranca do Bierzo, 1923) é un dos grandes contadores de historias da literatura española actual. Doutor Honoris Causa pola Universidade de León, pola súa obra literaria obtivo, entre outros, os premio Leopoldo Alas en 1966, o Fastenrath da Real Academia Española en 1988 e o Torrente Ballester da Deputación da Coruña en 1993. Tamén é Premio Castela e León das Letras.